




concellería
de igualdade
concello de vigo

memoria do programa

Caminiña con nós
POLA IGUALDADE

5º edición. curso 2009/10



Camión con nós pola igualdade 2009/2010. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

índice

- *Introdución.*
- *Implementación do programa.*
 - Fases e temporalidade.
 - Análise previa. Estudo do contexto.
 - Análise dos destinatarios e destinatarias.
 - Centros participantes
 - Obradoiros solicitados por centro
 - Alumnado participante
 - Alumnado participante por curso e obradoiro
 - Comunicación cos centros.
- *Deseño do programa.*
 - Metodoloxía
 - Creación do material didáctico
 - Avaliación do programa
- *Obxectivos e contidos para o segundo ciclo de educación Infantil.*
 - Obxectivo xeral
 - Obxectivos específicos
 - Contidos para o segundo ciclo de Educación Infantil
- *Obxectivos e contidos para 6º de Educación Primaria.*
 - Obxectivo xeral
 - Obxectivos específicos
 - Contidos para 6º de Educación Primaria
- *Desenvolvemento didáctico e aplicación do programa.*
 - Educación infantil
 - 1º obradoiro
 - 2º obradoiro
 - 3º obradoiro
 - Educación primaria
 - 1º obradoiro
 - 2º obradoiro
 - 3º obradoiro

Camiña con nós pola igualdade 2009/2010. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

- *Comunicación cos medios.*

- *Observacións recollidas ao longo do programa.*

- *Resultados valoración.*

- *Anexos.*

- Material didáctico utilizado
 - Segundo ciclo de Educación Infantil
 - 6º Educación Primaria
- Enquisas de avaliación do nivel de satisfacción
 - Enquisa para o profesorado
 - Enquisa para o alumnado

Camiña con nós pola igualdade 2009/2010. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

"Só despois de que as mulleres comezan a sentirse nesta terra como na súa casa, verase aparecer unha Rosa Luxemburg, unha madame Curie. Elas demostran brisantemente que non é a inferioridade das mulleres o que determinou a súa insignificancia."

Simone de Beauvoir

Introdución

“Camiña con nós pola igualdade” é un programa educativo promovido pola Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, no marco da subvención do Programa de cooperación da Xunta de Galicia.

Enmárcase no **IV Plan integral de igualdade de oportunidades de mulleres e homes de Vigo 2009-2012**, aprobado pola Corporación municipal o 25 de novembro de 2009.

A finalidade do programa é a busca e o fomento da **educación en igualdade de oportunidades entre nenas e nenos dende a comunidade educativa**, para promover a coeducación e previr a violencia de xénero. Esta sensibilización impleméntase máis concretamente nas nenas e nenos do segundo ciclo de Educación Infantil (3 a 6 anos) e no último curso de Educación Primaria (11 e 12 anos).

A elección da aplicación deste programa nestas idades, baséase nas premisas no caso de **educación infantil**, na temperá adquisición das súas identidades de xénero, na alta receptividade que posúe o alumnado, e na gran plasticidade que amosan nestas idades, cara a acadar novos conceptos e novas formas de relacionarse entre eles e elas.

Por outro lado, no caso de **sexto de educación primaria** ademais de perseguir a consecución dos obxectivos previstos, revértenos unha información valiosa sobre o estado en que se atopa a coeducación en primaria, e recolle as actitudes do alumnado cara a igualdade entre mulleres e homes. Nestes obradoiros tentamos ademais de proporcionar a os rapaces e as rapazas, unha visión máis crítica cara á sociedade desigualitaria que nos rodea. Esta sociedade onde vivimos que por estar máis próxima a eles e a elas, e por tanto pola súa cotidianeidade non nos parece tan discriminatoria cara ás mulleres, pois existe unha clara sensibilización social cara a outros colectivos e non resulta tan doado de ver a simple vista.

Tamén tentamos de dotarlles ao alumnado dos recursos precisos para acadar unhas interaccións positivas e igualitarias, e a construción dunha autoimaxe e un autoconcepto positivos e realistas.

Camiña con nós pola igualdade 2009/2010. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

O programa foi desenvolvido seguindo unha continuidade coas edicións anteriores, e incorporando as suxestións destas mesmas edicións. Sempre desde un enfoque de xénero, desenvolvéronse ata un total de tres obradoiros temáticos para os grupos de sexto de Educación Primaria e tres obradoiros para os grupos de Educación Infantil.

Implementación do programa

Fases e temporalidade

- Primeira fase. Duración: de decembro a xaneiro. Simultaneáronse varias liñas de actuación para esta primeira fase:
 - Estudo do contorno: poboación a quen se dirixe, beneficiarios directos e indirectos do programa: pais, nais, ou titores, persoal educativo, etc.
 - Recollida e clasificación de solicitudes de participación dos centros educativos.
 - Incorporación do equipo de monitoras de Igualdade.
 - Revisión dos materiais elaborados nas edicións e das memorias anteriores.
 - Preparación dos obradoiros. Busca e recollida de material para os obradoiros.
 - Asentamento dos principios básicos para seguir, formación e depuración dos obradoiros.
 - Elaboración da planificación dos obradoiros e correccións conforme coas particularidades de cada centro.

Segunda fase. Posta en marcha dos obradoiros. Duración: de xaneiro a maio inclusive:

- Impartición dos obradoiros.
- Recollida de observacións e valoracións dos obradoiros.
- Volcado e análise dos datos recollidos en primaria.
- Reunións de equipo.
- Preparación de materiais para os obradoiros seguintes.

Terceira fase. Gravación dos datos recollidos. Duración: de xuño ata xullo.

Cuarta fase. Elaboración da memoria. De xullo a agosto.

Análise previa do contexto

Camión con nós pola igualdade 2009/2010. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

Os destinatarios e destinatarias en xeral deste programa foron os integrantes dos centros educativos públicos da cidade de Vigo que imparten as etapas de Educación Infantil e/ou de Educación Primaria : participando de forma directa o alumnado e de xeito indirecto o equipo educativo e as familias.

A poboación destinataria específica, estivo composta polo alumnado de todo o ciclo de infantil de 4 a 6 anos, e o alumnado de 6º de primaria. A razón desta elección residiu nas características educativas evolutivas destes grupos: neste primeiro grupo atopamos un alumnado que está comezando a aprender a ler, escribir, sumar e restar e tamén está coñecéndose a si mesmo a través da súa relación co seu contorno e co seu grupo de iguais. Esta última aprendizaxe non se atopa en ningunha materia concreta e sen embargo os seus comportamentos e os valores que adquiran destas primeiras relacións conformarán a súa identidade de xénero e serán determinantes para o resto da súa vida. Polo tanto reviste enorme importancia comezar neste período temperá da infancia para acadar os obxectivos deste programa.

Por outro lado, sexto de primaria atópase coma o elo de transición a Educación Secundaria, e resulta indispensable, proporcionarlles nestas idades, as ferramentas e os recursos axeitados aos nenos e nenas, para que poidan sentar as bases cara a obter unhas relacións positivas e igualitarias cara ao seu futuro que é o futuro de todos e de todas.

Centros participantes

Do total de cincuenta e tres centros que imparten estas ensinanzas, trinta e cinco solicitaron a participación no programa: cinco escolas de educación infantil e vinte e catro centros de educación infantil e primaria e un centro de educación primaria.

-EEI: dun total de 9 centros, 8 solicitaron participar no programa, o que representa un 88,8% sobre o conxunto da educación pública de educación infantil do Concello de Vigo.

-CEIP: dun total de 39 centros, 26 solicitaron participar no programa, o que representa un 66,66% sobre o conxunto da educación pública que une os ciclos de infantil e primaria.

-CEP: dun total de 3 centros, 1 solicitou a participación no programa, o que representa un 33,33% sobre o grupo de educación primaria pública do concello de Vigo.


-CPI: dun total de 1 centro, ningún solicitou participar, o que representa un 0%.

No seguinte gráfico pódese ver a representatividade dos centros a participar no programa con respecto á totalidade dos centros públicos vigueses:

Gráfica. 1



Gráfica 2.



Obradoiros solicitados por centro


Inda que o programa lles ofrece aos participantes, un total de tres obradoiros, cada centro podía solicitar o número que considerase máis axeitado para o seu alumnado e se axustase ao seu calendario académico.

No segundo ciclo de educación infantil trinta e tres centros solicitaron participar no primeiro obradoiro, trinta e dous no segundo e vinte e cinco no terceiro.

En sexto de educación primaria podemos salientar que son vinte e tres os centros que solicitaron participar no primeiro obradoiro, vinte no segundo e dezoito no terceiro.

Representamos graficamente en cantos centros se solicitou levar a cabo cada obradoiro:

Gráfica 3.



Presentamos tamén unha relación de centros cos obradoiros solicitados na seguinte táboa:

Camiña con nós pola igualdade 2009/2010. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

Nome do centro	Educación Infantil			Educación Primaria		
	1º	2º	3º	1º	2º	3º
<i>EEI Aragón</i>						
<i>CEIP A Paz-Tintureira</i>						
<i>CEIP A.R. Castelao</i>						
<i>CEIP Balaidos</i>						
<i>CEIP Carrasqueira</i>						
<i>CEIP Chans-Bembrive</i>						
<i>CEIP Coutada Beade</i>						
<i>EEI Cristo de la Victoria</i>						
<i>CEIP Illas Cíes (Eijo Garay)</i>						
<i>EEI El Nogal</i>						
<i>CEIP Emilia P. Bazán</i>						
<i>CEIP Escultor Acuña</i>						
<i>EEI Rúa Hernán Cortés</i>						
<i>CEIP Igrexa Candeán</i>						
<i>CEIP Javier Sensat</i>						
<i>CEIP Josefà Alonso</i>						
<i>CEIP Lope de Véga</i>						
<i>CEIP Mestres Goldar</i>						
<i>EEI Monte do Alba</i>						
<i>EEI Monte da Guía</i>						
<i>CEIP O Pombal</i>						
<i>CEIP O Sello</i>						
<i>CEIP Paraixal</i>						
<i>EEI Palencia</i>						
<i>CEIP Pintor Laxeiro</i>						
<i>CEIP Ría de Vigo</i>						
<i>CEIP San Salvador-Teis</i>						
<i>CEIP Santa Mariña</i>						
<i>CEP Santa Tegra</i>						

Camióna con nós pola igualdade 2009/2010. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

<i>CEIP Sárdoma Moledo</i>						
<i>CEIP Seis do Nadal</i>						
<i>CEIP Válle Inclán</i>						
<i>CEIP Vicente Risco</i>						
<i>CEIP Virxe do Rocío</i>						
<i>EEl Zamans</i>						
Total	33	32	25	23	20	1

Alumnado participante

No seguinte gráfico pódese ver a representatividade do alumnado que participou no programa con respecto á totalidade do alumnado vigués matriculado nos centros públicos:



- ❖ 4º de Educación Infantil: participaron 690 alumnos e alumnas dun estimado total 1090
- ❖ 5º de Educación Infantil: participaron 716 alumnos e alumnas dun estimado total 1116.
- ❖ 6º de Educación Infantil: participan 750 alumnos e alumnas dun estimado de 1150 en total.
- ❖ 6º de Educación Primaria: participan 466 alumnos e alumnas de 866 poboación estimada total de alumnos e alumnas de centros públicos de ensino.

Na gráfica 4, amosamos a representación do alumnado de Educación Infantil atendido neste programa

Na gráfica 5, amosamos a representación do alumnado de Educación Primaria atendido por este programa.

Gráfica 4.

Gráfica 5.



Alumnado participante por curso e obradoiro

Como vimos, non todos os centros solicitaron os tres obradoiros. Consecuentemente con isto, o número de alumnado participante en cada obradoiro é decrecente, tal e como se pode ver a continuación.


	1º Obradoiro	2º Obradoiro	3º Obradoiro	Total
3 anos	690	589	446	690
4 anos	716	628	452	716
5 anos	750	721	591	750
Total	2156	1938	1489	2156
6º Primaria	466	409	392	466
Total	2622	2347	1881	2622

Gráfica 6.

Camión con nós pola igualdade 2009/2010. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo



Comunicación cos centros

Na primeira fase anterior a implementación do programa educativo, analizáronse as solicitudes dos centros que quixeron adscribirse ao programa. Nestas solicitudes recollimos aqueles datos precisos para a realización da planificación: os cursos que querían participar no programa, o número de obradoiros que precisaban, o número de alumnos/as, as características do alumnado e as preferencias do profesorado sobre as temáticas suxeridas para cada ciclo.

Unha vez elaborada a planificación diaria das visitas aos centros dende febreiro ata xuño de 2010, tendo en conta as variables antes descritas (número de obradoiros, número de grupos, niveis educativos solicitados...), enviamos esta planificación, a todos os centros, detallando as datas e o horario suxeridas por nós, para facer sobre o este esquema temporal, as correccións e axustes precisos que logo nos foron indicando, segundo as necesidades e planificación particular de cada centro.

Implementación do programa

Metodoloxía

A metodoloxía foi lúdica e interactiva, buscaba un maior grado de participación do alumnado, cunha análise continua e unha observación traslacional cara a desenvolver unha óptima implementación do programa.

Este programa empregou un deseño metodolóxico específico que foi elaborado, tendo en conta as características evolutivas para cada franxa de idade en Educación Infantil, ademais dos contidos didácticos e temáticos empregados nas aulas e tendo en conta tamén a integración da perspectiva de xénero en todas as actividades. Cunha metodoloxía onde a importancia radicou na busca da participación e interacción coa totalidade do alumnado en cada clase, tamén no fomento na reflexión individual e grupal, e na expresión moderada das opinións e experiencias de todos eles e elas. Así mesmo, quixemos achegarlles, unha maior visión crítica da realidade, e todo iso presentado ao través de diferentes actividades amenas, entrelazadas e relacionadas entre elas, e cunha

Camión con nós pola igualdade 2009/2010. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

duración, no caso de Educación Infantil, que non excedese dos 10 minutos cada unha, onde se tratasen diferentes temáticas coeducativas, sempre próximas á experiencia do alumnado ao que se dirixe o programa.

Co alumnado de Educación Primaria empregamos o traballo en grupo pequeno, nas reflexións, discusións e postas en común, tendo especial atención a que o fagan con outros compañeiros/as non habituais, (rexeitando a segregación sexual que é dominante nesta franxa de idade de primaria). Aplicamos o pensamento crítico, lóxico e creativo nas diferentes actividades que implementamos, e tentamos que traballasen de forma autónoma, reforzando o amosamento de iniciativa e empoderando as achegas femininas.

Creación do material didáctico

Para cada obradoiro deseñouse un soporte axustado a cada unha das temáticas para desenvolver, empregando diferentes materiais e no caso dos elaborados para Educación Infantil sempre cun alto contido iconográfico . Os materiais empregados ían dende o feltro, a goma eva, la, papel, cartón, etc ata o emprego das novas tecnoloxías: encerado dixital, contidos audiovisuais en diversos formatos, etc.

No caso de Educación Primaria, a nosa prioridade foi a busca dunha maior sensibilización cara aos temas que tocábamos nos obradoiros. Para acadar este obxectivo, partimos daqueles contidos lúdicos e sociais mais próximos a eles e a elas, e mais afíns aos seus gustos e continuamos relacionando os conceptos que tratar polos obradoiros, e rematamos cunha elaboración entre todos e todas, dunha disección dos contidos e posterior crítica grupal. Para iso valémonos das novas tecnoloxías, que empregamos na visualización de curtos, de anuncios publicitarios, de presentacións en *power point*, ademais de realizar enquisas de opinión e cuestionarios anónimos cuxos resultados devolvíámoslles se a continuidade dos obradoiros o permitía, en forma estatística e que cotexabamos cos resultados estatais.

Avaliación do programa

Empregouse nesta edición unha avaliación dende tres vertentes:

-Avaliación reflexiva, onde recollimos os datos observados ao longo do tempo, comparando o punto de partida co do final. A avaliación reflexiva serviunos para mellorar o servizo que lles ofertamos aos centros, recollendo unha información interna onde se reflectisen os acertos e os erros cometidos na procura de facer as rectificacións que foran oportunas.

-Avaliación transversal, realizada a par da anterior, comparamos os resultados da implantación dos programas anteriores co que nos ocupa, recollendo información valiosa para optimizar a continuidade do programa .

-Avaliación de opinión, onde recollimos as suxestións, e as observacións feitas polas e polos participantes directos e indirectos do programa: equipo educativo e alumnado.

Obxectivos e contidos para o 2º ciclo de E. Infantil

Obxectivo xeral

O obxectivo xeral deste programa foi fomentar a educación en igualdade de oportunidades entre nenas e nenos, dende o contorno da comunidade educativa, para promover a coeducación nas aulas e previr a violencia de xénero.

Obxectivos específicos

Os obxectivos específicos para a etapa de Educación Infantil son os seguintes: interiorizar as partes do corpo sen estereotipos e tabús; identificar semellanzas e diferenzas entre mulleres e homes; coñecer as diferentes tipoloxías de familia existentes na actualidade; fomentar a corresponsabilidade na familia; darlle visibilidade a presenza das mulleres en traballos considerados tradicionalmente masculinos; familiarizarse cos diferentes tipos de xoguetes e fomentar a igualdade no xogo.

Contidos para o 2º ciclo de Educación Infantil

Como son as nosas familias? quen as compón? En que se parecen as familias? Que une ás familias? Cantos tipos de familias pode haber?. Graos de parentesco.

Diferentes profesións. Atopamos homes e mulleres que desempeñan a mesma profesión: Bombeiro, bombeira, home e muller policía, informático e informática, veterinaria e veterinario, ...

Coñecemos e compartimos as tarefas da casa. Identificamos que se precisa para cubrir as necesidades básicas da vida: alimentación, hixiene e coidados de saúde e quen o fai, comprometémonos a facer tarefas acordes coa nosa idade.

Compartimos xogos e xoguetes. Porque é mais divertido xogar a todo con todos e todas. Aprendemos que non hai xogos de nenos e de nenas, que coidar os bebés, cociñar e limpar tamén é divertido e apréndenos a crecer, que saltar a corda, correr e cantar e acariñarnos son xogos para todos.

Aprendemos que a todos e a todas nos gusta o mesmo e aprendemos a autoafirmarnos co noso xogo.

Descubrimos que os xogos non nos cambian o sexo.

Camión con nós pola igualdade 2009/2010. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

Obxectivos e contidos para 6º de Primaria

Obxectivo xeral

O obxectivo xeral deste programa foi fomentar a educación en igualdade de oportunidades entre nenas e nenos, dende o contorno da comunidade educativa, para promover a coeducación nas aulas e previr a violencia de xénero.

Obxectivos específicos

Os obxectivos específicos para a etapa de Educación Primaria foron: familiarizarse e reflexionar con conceptos básicos como xénero, estereotipos sexistas, socialización diferencial, igualdade de oportunidades, corresponsabilidade e violencia de xénero, etc. Tentar rachar cos estereotipos de xénero dentro do ámbito familiar; fomentar a igualdade no ámbito da familia, escola e traballo ; fomentar a corresponsabilidade na familia e rexeitar a violencia como forma de relacionarse, valorarse e resolver conflitos

Contidos para 6º de Educación Primaria.

Os contidos para este ciclo abranguen os seguintes conceptos:

- Corresponsabilidade, dobre xornada.
- Traballo na casa (ámbito privado), e traballo fóra da casa (ámbito público).
- Igualdade de xénero no eido laboral.
- Maltrato e violencia de xénero.
- Afectividade. Relacións construtivas e destrutivas.
- Igualdade de oportunidades *versus* discriminación.
- Xénero, estereotipos de xénero e socialización diferencial. Roles de xénero
- Machismo, sexismo, feminismo.
- Medios de comunicación e linguaxe sexista. Publicidade sexista.

E tamén abrangue as seguintes temáticas, e reflexións:

- Comparar os roles das mulleres cos dos homes.
- Identificar diferenzas e semellanzas entre mulleres e homes nos distintos ámbitos da vida, e discriminar que a idea de diferenza vaia da man da idea de superioridade ou inferioridade dun sexo respecto a outro.
- Clarificar e reforzar a idea de igualdade que teñen os nenos e as nenas de esta etapa educativa.
- Comezar a discernir os distintos modelos de socialización diferencial e os seus mecanismos de traballo.
- Interactuar co seu contorno de iguais nunhas temáticas non habituais pero si próximas.

Camión con nós pola igualdade 2009/2010. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

Desenvolvemento didáctico e aplicación do programa. Educación Infantil.

1º obradoiro.

Para a etapa de Infantil, no 1º obradoiro, afondamos no tema do xogo, sempre dende a premisa que debiamos achegarnos aos rapaces e rapazas tomando en consideración as experiencias máis próximas a eles e a elas, por ser aquelas coas que gardan unha maior motivación.

Nestes encontros, e a través da narración dun relato breve que serve coma fío condutor entre a temática presentada e as actividades de reflexión e reforzo dos obxectivos fixados, afondamos na resolución de conflitos e na busca de solucións en equipo, (“O ratiño Pérez”, “A cometa Saleta”,...), valíanos tamén para introducir os cativos nun espazo propio dentro da súa aula, onde eles e elas puidesen manifestar as súas reflexións e emocións. Neste punto reforzabamos sempre a verbalización da vivencia da súa identidade persoal: cales eran as súas preferencias respecto dos xogos, compañeiros, comidas, en que se consideraban diferentes os uns dos outros, en que se

consideraban iguais, etc..

Ademais de servirnos o conto, de base introdutoria e argumental, elaboramos un apoio visual para o relato en formato de presentación *powerpoint*, para que puidesen visualizar as imaxes dos xogos elaborados entre nenos e nenas de forma conxunta e que actuase como reforzo coeducativo.

Coas cativas e cativos de cuarto de educación infantil, optamos por disfrazalos de ratiños e ratiñas, para poder converterse nos axudantes do ratiño Pérez, e así elixir un xoguete para un neno ou nena desdentado. Desta forma creando un contexto máxico, chamabamos de novo a súa atención sobre a responsabilidade da elección, pois comentáballes que o xoguete tiña que ser do gusto a calquera, e buscábamos a participación totalitaria do grupo. Para iso ideamos unha actividade interactiva, onde os nenos e as nenas posuían cada un, unha icona dun xogo que recortáramos previamente, e que tiñan que pegar nun mural cuns sacos de xoguetes debuxados nel. Este mural ao final da sesión quedaba na súa clase para que as profesoras e profesores puidesen recordar a sesión mais adiante e reforzar a actividade.

Para os rapaces e rapazas de quinto e sexto de infantil, realizamos neste obradoiro dos xogos, unha reflexión sobre un conto interpretado con axuda de monicreques, "A cometa Saleta". Este relato afonda na resolución en equipo dos problemas, mentres aparecen nenos e nenas que comparten e intercambian xogos e xoguetes sen ter en conta os mandatos de xénero. Elaborabamos despois del, unha mímica con todo o grupo sobre o xogo dos coidados, nela incluíamos unha seriación de diferentes coidados cara a un bebe; collelo en brazos, arrolalo, recoñecer as expresións e necesidades do bebé, prepararlle un bo xantar elaborando un guiso con todos os ingredientes, darlle de comer, facelo eructar....facelo durmir, e o final gozar en compañía dos momentos de ocio despois de facer as tarefas domésticas. Esta representación tornábase un reforzo estupendo do noso labor, xa que ata os máis "renegados" destes xogos, (nenos que se manifestaban dende o principio da sesión a través de expresións agresivas e demostracións de rudeza

Camión con nós pola igualdade 2009/2010. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

no seu grupo de iguais), acaban retomando a actividade fronte o resto do grupo, participando creativamente e divertíndose máis ca ninguén. O rematar esta mímica dos coidados, invitábalos a participar de novo noutra actividade conxunta. Esta actividade servíanos como unha especie de catarse e conclusión final, pois tiñan que imaxinar que posuíamos unha corda para saltar toda a clase, e facelo todos e todas xuntos.

2º obradoiro.

A temática tratada neste obradoiro foi a corresponsabilidade. Tentabamos de amosarlles aos rapaces e rapazas a complexidade da convivencia, e a responsabilidade que iso suscita, amosándolles unhas veces e descubrindo por si mesmos e mesmas outras veces, o que cada un delas e deles pode facer na súa familia segundo a súa madurez.

A través das cuestións que xurdían nas actividades de reflexión, queríamos facer conscientes os nenos e as nenas do traballo que xeraba a convivencia familiar. Así por exemplo para que puidesen sentar á mesa a xantar, cumprían varias accións anteriores nas que habitualmente non se pensa, por exemplo ir á compra para mercar os ingredientes necesarios, preparalos e cocíñalos, recoller a mesa e a cociña, limpar o chan...e isto saía a través dun remuíño de ideas. As reflexións xeradas e as conclusións remataban nun compromiso global no que “de pé e coa man no peito” verbalizabamos un compromiso de corresponsabilidade acorde coa súa idade. Para rematar aprendíámoslles unha canción sobre corresponsabilidade que bailabamos e cantabamos todos e todas

xuntos. O obxectivo final foi xerar actitudes de respecto cara ao traballo doméstico, visibilizándoo e outorgándolle un valor merecido.

Para as nenas e nenos de cuarto de infantil presentouse o relato “O misterio do chocolate na neveira”. Relato no que falabamos dunha nena que descobre angustiada que a súa neveira está baleira, e asemade sopesa e reflexiona en voz alta o que iso significa, e o que pasaría nos días seguintes se a situación perdura. Ao mesmo tempo van acontecendo situacións con seu pai, relacionadas co respecto que merecen as persoas no seu traballo dentro da casa, o seu tempo adicado e esforzo a iso. A continuación desta narración, entregábalos uns recortes de alimentos e produtos de limpeza, e convidábalos a que os ordenasen nun mural que amosaba en cores diferentes unha neveira, unha despensa, un armario da limpeza e un froiteiro. Cada un dos nenos e nenas ían saíndo de forma individual, cara ao mural, e nomeaban fronte ao resto do seu grupo o que lles tocara e onde ían colocalo, mentres incitabamos aos demais a que os axudasen dende o seu sitio, para obter unha maior implicación no xogo. Isto reforzaba os valores de compartir o traballo dentro da casa segundo a idade e as posibilidades madurativas de cada quen. O mural quedaba exposto na clase para que se puidese reforzar a actividade mais adiante polo propio profesorado.

Para as cativas e cativos de quinto e sexto, desenvolvimos unhas actividades en torno ao conto “O libro dos porcos”. Este conto foi modificado para a actividade, transformando un personaxe de masculino a feminino. Trata dunha familia na que o pai e os dous fillos (neno e nena), deixan todos os labores da casa nas mans da nai, a marcha dela provoca situacións de caos na casa e pon de manifesto a desigualdade na familia. Logo da narración do relato, elaborabamos coa axuda de todos e todas, unha reflexión sobre diferentes imaxes do libro, e pasabamos a continuación a disfrazalos de porcos e porcas, cuns coloretos rosas e unhas diademas con orellas de porco, mentres lles dicíamos que para abandonar o seu disface e deixar de ser porcos e porcas, tiñan que facer a seguinte actividade . A actividade consistía en colocar nun mural dunha casa, o

Camión con nós pola igualdade 2009/2010. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

recorte que lles tocase, (fregona, vasoira, cama, pratos,...) logo de participar na reflexión conxunta sobre todo o que se precisa facer para que un fogar funcione en igualdade e facer unha mímica fronte o grupo onde se reflicte a elaboración da tarefa .

Foi o noso obxectivo para esta sesión a adquisición de conciencia por parte das nenas e nenos, de que as cousas de casa non se fan solas (pois o que non se ve non existe) e que incluso hai numerosas actividades que pasan desapercibidas e revisten unha enorme importancia e esforzo, (por exemplo: limpar a neveira ou o forno). Tamén tentabamos que puidesen apreciar o esforzo das persoas que cociñan, fan a limpeza e coidan deles e delas acotío, e que para facer isto, pensan nas necesidades dos demais e mesmo nos seus gustos ou preferencias. Rematábamos a sesión cunha canción sobre corresponsabilidade que aprendían rapidamente e que cantaban e escenificaban connosco.

3º obradoiro.

No terceiro e último obradoiro centrábamos no obxectivo de evidenciar as diferentes familias existentes na actualidade, outorgándolle visibilidade e recoñecemento social. Con iso buscamos aprenderlles ás nenas e aos nenos os distintos roles que se poden exercer na familia independentemente do sexo e do número de integrantes na familia.

No obradoiro para cuarto de educación infantil, empregábamos unha adaptación do conto “A mellor familia do mundo”, que fala sobre a adopción e os interrogantes que se formulaban na cachola da nosa protagonista. Que é iso dunha familia?, en que consiste?, en que traballan?. Para esta idade soamente abarcabamos unha tipoloxía de familia, posto que resultaría desbordante para a súa madurez tentar tratar todas ou varias das tipoloxías existentes. Tampouco iniciábamos unha reflexión posto que nestas idades o seu discurso inda está pouco elaborado. Aproveitabamos o relato para introducir nel as diferentes maneiras de amosar cariño ou de coidados: xogar xuntos, coidarnos cando

estamos enfermos, procurarnos algo que nos gusta,...

Aproveitando un dos interrogantes da nosa protagonista sobre as profesións dos distintos membros da súa nova familia, continuábase ao rematar o relato cunha actividade sobre as profesións por parellas: bombeiro, bombeira, home e muller policía, profesora e profesor, informático e informática,... para desenvolver a dita actividade, repartiámoslles a cada un delas e deles, unhas figuras a todo cor de profesionais tipo “*pop-up*”, e ían saíndo ata unha pantalla de feltro onde pegaban o que lles tocara, mentres contaban se era un home ou unha muller e axudados por nós ou polas e polos seus compañeiros, afondábase no que facían nese traballo, para normalizar a asunción de diferentes traballos, non só os domésticos que xa abordáramos no obradoiro anterior, ademais de comezar a rexeitar o emprego do masculino xenérico para todas as profesións.

Rematabamos a sesión aprendéndolles unha sinxela canción sobre a familia, cunha coreografía adaptada para esta idade.

Para cuarto e quinto ademais do conto “Unha chea de familias” de Neira Vilas, reelaborado en forma de conto-xogo e cun formato de “*pop-up*”, presentouse con personaxes recortados con velcro que se adherían a un feltro que representaba un edificio de apartamentos onde vivían as diversas familias. Nesta actividade pediámoslles a súa colaboración, cada un das nenas e nenos tiña un personaxe, e a medida que avanzaba o relato formaban entre todos e todas, as distintas familias do conto.

A continuación desenvolviamos a seguinte actividade, baseada na presentación social da propia familia do alumnado. De forma individual, o rapaz ou rapaza elaboraba o seu discurso, onde nomeaba as persoas que vivían con el ou ela. Era de vital importancia que fixeran este discurso, polo beneficioso que lles resulta, ordenar, verbalizar e consecuentemente darlle visibilidade a súa estrutura familiar diante do seu grupo de iguais, e que os demais recoñezan esa estrutura como real e válida. Reforzábase desta

Camión con nós pola igualdade 2009/2010. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

maneira a autoestima daqueles rapaces e rapazas que atravesaron por unha recente transformación da familia, ben sexa por divorcio, separación, morte ou nacemento de novos fillos e fillas, adopcións ou ben por que non se correspondan con familias consideradas tradicionais: familias gays, etc

Rematamos a sesión cunha canción sobre as familias que nos serve de distensión e relaxación.

*Desenvolvemento didáctico e aplicación do programa.
6º de Educación Primaria.*

1º obradoiro.

No ciclo de Educación Primaria, desenvolvimos unha **primeira sesión** onde despois de presentarnos ao alumnado e presentar o programa, deixabámoslles que se presentasen antes de iniciar a actividade de clarificación de conceptos, coa finalidade de romper o xeo e de crear un ambiente cálido e propicio para a participación do grupo. Proponíámoslles a continuación unha choiva de ideas sobre a **igualdade de oportunidades entre mulleres e homes**, actividade que nos valía para tomar o pulso á clase, coñecer o seu estadio de reflexión e coñecemento da materia, e as opinións e inquiredanzas do alumnado, e achegábanos aportaba tamén información sobre a necesidade de clarificar e traballar con outros conceptos que elas e eles puidesen ter confusos.

Entre outros os **conceptos** que tocamos son os seguintes (amosamos a totalidade para os tres obradoiros:

- Igualdade de oportunidades *versus* discriminación.
- Xénero, estereotipos de xénero e socialización diferencial.
- Machismo, sexismo, feminismo.
- Roles de xénero.
- Medios de comunicación e linguaxe sexista.
- Publicidade sexista.
- Corresponsabilidade e dobre xornada.
- Traballo na casa (ámbito privado), e traballo fóra da casa (ámbito público).
- Igualdade de xénero no eido laboral.
- Maltrato, violencia de xénero e afectividade.

A continuación e en pequeno grupo (coidando de desfacer os grupos habituais que forman entre eles), presentábalos a seguinte actividade. Nun cadro tiñan que elaborar en pequeno grupo, unha reflexión sobre as características sexuais e de xénero que marcan as diferencias entre as mulleres e os homes. Ao rematar, volcábanse as conclusións no encerado para que puidesemos reflexionar e argumentar en gran grupo.

Esta actividade valíanos para :

- Comparar os roles das mulleres cos dos homes.
- Identificar diferenzas e semellanzas entre mulleres e homes nos distintos ámbitos da vida, e discriminar que a idea de diferenza vaia da man da idea de superioridade ou inferioridade dun sexo respecto a outro.

Camión con nós pola igualdade 2009/2010. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

- Clarificar e reforzar a idea de igualdade que teñen os nenos e as nenas desta etapa educativa
- Comezar a discernir os distintos modelos de socialización diferencial e os seus mecanismos de traballo.

Realizabamos con eles e elas unha enquisa antes de rematar o obradoiro, onde pediámoslles que nos digan cales dos **trazos de personalidade** que lles describimos son de muller, cales de home e cales son indistintos do noso sexo. A continuación, debían dicir, se eses trazos lles parecían positivos ou negativos, segundo sexan masculinos ou femininos. Os resultados traducidos en porcentaxes presentábanse no seguinte obradoiro

2º obradoiro.

Neste **segundo obradoiro**, comezabamos repasando o anterior para ademais de reforzar o aprendido, clarificar o que viamos que puidese estar confuso.

Presentabamos os resultados do cuestionario que pasamos no anterior obradoiro transformado en porcentaxes, e amosabámoslles como os **estereotipos de xénero** nos que nos educan transforman a realidade, nesgando a nosa percepción e indicando cales deberían ser as actitudes que conforman a personalidade dunha muller e cales as do home.

Dende esta reflexión suxerida polo cuestionario, retomabamos a **socialización diferencial** e os seus axentes. Primeiro fixemos unha incursión na linguaxe sexista que nos rodea, e noutros modelos de presión social cara á muller, como é o da beleza (que vemos dende outras culturas ata a nosa), tamén convidabamos o alumnado a que xoguen connosco a ser publicistas, pois visualizabamos diferentes curtos de publicidade e

diseccionabamos en pequeno grupo os seus contidos. Para elo entregabámoslles aos grupos unha folla que lles servía de gui3n para ir anotando aquilo que lles parecía máis salientable.

Para rematar, presentabamos o obtido en gran grupo. Estes anuncios versaban sobre diferentes temáticas; de hixiene, de coidados, de alimentación,...pero tiñan en común a inclusión de estereotipos sexistas e discriminatorios contra a muller, ademais da inclusión de estereotipos sexistas cara ao home.

Ao final, pasabámoslles un cuestionario sobre corresponsabilidade que corríamos para o derradeiro obradoiro. O alumnado, de forma individual tiña que encher unha enquisa que reflectía algunhas das diferentes tarefas do fogar, e sinalar cal era a persoa que as realizaba de forma habitual na súa casa, indicando tamén o grao de parentesco co alumno ou alumna que cubría o cuestionario.

3º obradoiro.

No comezo do **terceiro obradoiro**, faciamos un repaso do anterior, tentando con isto afianzar os conceptos e as temáticas traballadas, ademais de clarificar o que viramos que estaba confuso, e obter unha avaliación das aprendizaxes do alumnado.

De seguido faciamos unha análise crítica das series de debuxos animados de televisión, aquelas dirixidas a eles e a elas, e tamén as dirixidas as persoas adultas pero que son emitidas en horario infantil e constitúen un referente nas preferencias do noso alumnado. Empregabamos unha selección de escenas que nos axudaban a diseccionar con eles e elas, os roles asignados aos personaxes masculinos e femininos e observar como transmiten un papel nesgado na representación da muller na familia e na sociedade.

A continuación falabamos da temática esencial deste obradoiro, a **corresponsabilidade**, que vai ter como obxectivo a de fomentar a sensibilización cara á colaboración nas tarefas domésticas. Para iso precisabamos primeiramente evidenciar o que sucede nas casas,

Camión con nós pola igualdade 2009/2010. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

para o que nos valíamos dos resultados do cuestionario presentado no obradoiro anterior, e que proxectabamos en gráficas, para que puidesen elaborar connosco unha reflexión e crítica destes resultados, ademais de visibilizar a enorme carga e o esforzo que representa o traballo dentro do fogar, froito das necesidades da convivencia familiar.

Para rematar, visualizabamos e reflexionabamos sobre o curto **“Un sono imposible”** que reflicte a situación da **dobre xornada**. Fixemos unha posta en común sobre os distintos papeis que exercen cada un dos membros da familia segundo o seu sexo.

Comunicación cos medios

FARO DE VIGO
JUEVES, 13 DE MAYO DE 2010



Santiago Domínguez.

El BNG clausura el programa escolar de igualdad

El teniente de alcalde, Santiago Domínguez, clausuró ayer el programa "Camión con nós pola igualdade" en el que participaron más de 2.600 jóvenes de hasta 35 centros escolares. "Es un éxito comprobar que estos valores se van inculcando en los más pequeños, porque ellos y ellas tendrán que trabajar también para erradicar la violencia de género", destacó en su visita el EEI Monte de A Guía.

Observacións recollidas ao longo do Programa

Camión con nós pola igualdade 2009/2010. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

Realizamos unha valoración inicial, media e final. Recollendo nos tres obradoiros, observacións obtidas nas diferentes actividades realizadas . Isto facilitounos valoracións referentes a por exemplo: a adecuación das aulas segundo os obradoiros, aos medios técnicos empregados para o seu desenvolvemento, a idoneidade da presenza ou ausencia do profesorado, a efectividade das actividades propostas, etc. E por suposto unha avaliación sobre o grao da consecución dos obxectivos. Ademais procurounos unha visión de continuidade para os seguintes obradoiros, podendo afondar nas características específicas do alumnado ao ter unha observación previa que nos servía de guía para as seguintes implementacións.

As observacións recollidas nas diferentes sesións implementadas, valeunos para afondar na detección de temperás condutas sexistas no alumnado do ciclo de Educación Infantil, este feito que se acentúa gravemente conforme a idade do alumnado crece, chega a ser claramente constatable nos grupos de 6º de Educación Infantil.

No ciclo de Educación Infantil, observamos que as condutas sexistas son case inexistentes no primeiro curso (4º), pero crece de forma xeométrica nos seguintes. Aínda que as aulas manteñen os catro recantos de xogo simbólico (as construcións, a casa, a tenda, os quebracabezas,...) , e que o profesorado nos comenta que incide no uso rotativo deles, observamos que os nenos e as nenas manteñen unha dobre personalidade cara as preferencias nos seus xogos. Os nenos soamente practican xogos de coidados aos demais, xogos de casiñas, etc. nas aulas, pero fronte o seu grupo de iguais, no seu fogar ou cara a nós, manteñen unha postura negativa respecto a estes xogos, rexeitándoos e argumentando que son de nenas, e non querendo participar nalgunhas das actividades, como as de mímica que reproducían os coidados dun miúdo. Pero segundo o seu profesorado, os nenos que máis se opoñen son os que logo máis utilizan todos estes xogos considerados tradicionalmente femininos.

A nosa recomendación cara ao profesorado é a de animalo a seguir observando no momento no que se reproduzan os xogos simbólicos na aula, e recoller por exemplo, observacións sobre que sexo ocupa máis espazo en que xogo simbólico.

Outro tanto podería facerse no momento dos xogos espontáneos que se dan nos recreos, onde as nosas observacións non poden chegar se non é a través dos comentarios e reflexións que verten as nenas e os nenos nos obradoiros. Desta observación poderían extraerse numerosas reflexións acerca de que sexo ocupa máis espazo no patio cos seus xogos, quen ocupa o centro para iso e quen ocupa as esquinas para xogar, quen vén organizando os xogos, que tipos de xogos son os dos nenos e cal son os das nenas, si existen xogos mixtos e como se manifestan estes xogos...

Todo isto poderá ofrecerlle ao profesorado unha visión máis real do que está a acontecer nos temperáns inicios das relacións sociais dos máis cativos.

Cabe dicir que nos grupos de Educación Primaria, atopamos estereotipos sexistas altamente incorporados no seu ideario, se a isto lle engadimos a que nalgúns centros non existe un traballo de reflexión previo e continuo na aula cos seus titores e titoras, vólvese dramático. Nestes casos nas actividades de reflexións, as argumentacións son pobres, froito da acomodación de argumentos pouco reflexionados dende a aula e que provén maioritariamente da familia e dos grupos de iguais. Pois sabendo que nestas idades, as temáticas e os intereses espontáneos dos rapaces e rapazas non se achegan nin de lonxe ao proposto nas aulas, podemos asegurar que case exclusivamente a orixe destas interiorizacións sexistas veñen da familia e das opinións vertidas no contorno do fogar.

Nas aulas do rural, a argumentación e a reflexión tórnase máis madura e rica en conceptos, resúltannos máis doado con elas e con eles caer nunha introspección sobor dos temas que traballamos. Pero canto máis nos achegamos ao centro da cidade, a argumentación tórnase máis impulsiva, e a quenda de palabra é máis caótica.

Camión con nós pola igualdade 2009/2010. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

Atopamos en moitas das aulas un forte desprezo ante as temáticas consideradas por eles coma femininas, o mellor dito, cando a problemática que tratamos redonda nunha carga exclusiva sobre o sexo feminino, atopamos nestes casos, que o alumnado masculino con intereses marcadamente sexistas, fai alarde social do seu desprezo, ou non respecta as opinións, ou desconecta dos temas ou estorba e fanfarronea sobre estes.

Noutros momentos dos obradoiros, atopamos que o alumnado en xeral soamente atopa exemplos sexistas noutros países. Aquí é, onde o alumnado masculino amosa ter unha maior empatía, élle máis doado conectar a desigualdade coa sociedade foránea que atopar exemplos máis preto do seu contorno. Pola contra o alumnado feminino si que fai mención as desigualdades cotiás, e dende logo, presta unha maior atención e reflexión cando estamos a falar disto. Sen embargo, cando nos achegamos ás discriminacións na nosa sociedade, eles desconectan ostensiblemente do tema e da reflexión grupal que estamos a verter na aula.

Tanto nas aulas de 6º de Educación Infantil como nas de 6º de Educación Primaria, observamos que nos casos en que a proporción de mulleres é menor fronte a dos homes , estas atópanse nunha situación desprotexida respecto a eles. Faría falla concentrar os esforzos do persoal educativo no respecto aos demais compañeiros e compañeiras, pois nos grupos onde tres ou catro persoas da mesma aula presentan condutas disruptivas e acaparan atención, non é doado darlle continuidade a sesión e debería terse máis en conta esta actitude non só polo respecto que merece o tema, senón porque denota a escasa importancia que se lle dá nalgúns aulas.

Resultados valoración

A continuación presentamos os resultados das enquisas de valoración das monitoras e monitores, a puntuación mínima é un 1 e a máxima é 5.

Amosamos tamén A valoración do alumnado de 6º de Educación Primaria respecto a os obradoiros

	PUNTUACIÓN MEDIA
VALORACIÓN COÑECIMENTOS DAS MONITORAS	4,46
VALORACIÓN EXPOSICIÓN DAS MONITORAS	4,31
VALORACIÓN ACTIVIDADES DO OBRADOIRO	4,36
VALORACIÓN MOTIVACIÓN DAS MONITORAS	4,09
VALORACIÓN CONTIDOS DO OBRADOIRO	4,09
VALORACIÓN ACTIVIDADES DO OBRADOIRO	4,09
VALORACIÓN MATERIAIS EMPREGADOS	3,96
VALORACIÓN APRENDIZAXES REALIZADAS	3,75

Camión con nós pola igualdade 2009/2010. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

Anexos:

Anexo1.

	Mulleres	Homes
Cultural		
Biolóxico		

Anexo 2.

TRAZOS DA PERSONALIDADE

Camión con nós pola igualdade 2009/2010. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

- Le atentamente os seguintes trazos de personalidade e anota se che parecen máis propios dun home, dunha muller ou son trazos indistintos, que poden valer para os dous sexos. A continuación, marca cun "X" se pensas que é un trazo positivo ou negativo.

RASGOS DA PERSONALIDADE	SEXO (Home, muller, Indistinto)	VALORACIÓN	
		POSITIVO	NEGATIVO
Se unha persoa é intelixente,			
Se unha persoa é agresiva			
Se unha persoa é arriscada			
Se unha persoa é sumisa			
Se unha persoa é decidida			
Se unha persoa é observadora			
Se unha persoa é intuitiva			
Se unha persoa é débil			
Se unha persoa é segura			
Se unha persoa é creativa			
Se unha persoa é medrosa			
Se unha persoa é líder			
Se unha persoa é dependente			
Se unha persoa é competitiva			
Se unha persoa é independente			
Se unha persoa é honesta			
Se unha persoa é frívola			
Se unha persoa é racional			
Se unha persoa é sensible			

Anexo3.

Reflexión e análise sobre o sexismo nos medios de comunicación

Se analizamos a publicidade destes diferentes produtos:

Camión con nós pola igualdade 2009/2010. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

Tedes que analizalos dende o voso punto de vista e... ademais dende os seguintes aspectos :

Cores que predominan no anuncio.

Que persoas aparecen no anuncio. Cantos homes, cantas mulleres

Que actitude ten cada persoa que aparece no anuncio

Onde están, en que lugar se desenvolve o anuncio. Que obxectos, que paisaxe, que fondos hai no anuncio.

Que mensaxe transmiten, que anuncian?

Que tipo de música leva o anuncio?

Que din as persoas que aparecen no anuncio, quen o fai e como o di (ton, forma...)?

Que linguaxe emprega, anota as verbas ou expresións significativas.

Que nos queren vender?

A quen invita a usalo?

Que calidades ten o produto?.Nomea distintas vantaxes deste produto.

Utilizan as persoas como obxectos sexuais?.

Atopáchedes diferenzas significativas na publicidade dos diferentes produtos para homes e para mulleres?

Considerades importantes e significativas estas diferenzas?

Dan as mesmas oportunidades a unhas e a outros?

Que opinión tedes, despois deste traballo, sobre o sexismo, a publicidade e os medios de comunicación?

Que aprendestes?

Que se pode facer para mellorar?

Anexo 4.

PARA CUBRIR POLO ALUMNADO de 6º de Educación Primaria
que participou no programa municipal

CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE

ENQUIZA DE AVALIACIÓN

Esta enquisa é totalmente anónima e voluntaria. Gustaríanos coñecer a túa opinión respecto da realización das actividades do programa "Camióna con nós pola igualdade" desenvolto na túa clase durante o curso 2009-2010, co fin de mellorar o noso traballo. Agradeceríamosche que a cubrises con letra maiúscula e de cor negra.

Moitas grazas pola túa colaboración.

Vigo, 15 de abril de 2010

Cristina Gómez García

Xefa do Servizo de Igualdade

Naquelas cuestións nas que teñas que cualificar de 1 a 5, lembra que 1 é a puntuación mínima e 5 a máxima. Márcaa cun X

1. En cantos obradoiros participaches?

1	2	3
---	---	---

Non o lembro

2. Pareceche interesante a temática do programa? Si Non

Por que?

3. Avalía ás monitoras que impartiron o programa en canto a:

Tiñan coñecementos sobre o tema	1	2	3	4	5
Expuseron con claridade os temas	1	2	3	4	5
Tiñan unha boa actitude	1	2	3	4	5
Foron capaces de motivarte cara aos temas	1	2	3	4	5

4. Describe a actividade que máis che gustou das que fixeches, e explica por que:

5. Describe a actividade que menos che gustou, e di porque:

6. Cres que o participar nesta actividade axudouche a algo? Para que?

Camióna con nós pola igualdade 2009/2010. Memoria

Concellería da Igualdade

Concello de Vigo

7. Gustaríache que algún obradoiro tratase tamén sobre outros temas?

Si Non

Cales?: _____

8. Se puideses elixir participar ou non neste programa, participarías?

Si Non

9. Valora os obradoiros en canto a :

a) contidos explicados (gustouche o que che contamos):

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

b) actividades realizadas (gustouche o que fixemos):

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

c) materiais empregados (gustouche como o fixemos e as "cousas" que empregamos)

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

d) aprendizaxes realizadas (canto aprendiches):

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

10. Gustaríache que este programa continuase en vindeiros cursos ? Si

Non

11.

12. Se tes algún comentario ou suxestión para as monitoras que impartiron o programa, podes escribilo a continuación

Grazas por dedicar o teu tempo a cubrir esta enquisa
Deste xeito axúdasnos a mellorar

Anexo 5.

A CUBRIR POLO PROFESORADO TITOR DAS AULAS QUE PARTICIPARON NO PROGRAMA CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE

ENQUISA DE AVALIACIÓN

Esta enquisa é totalmente anónima e voluntaria. Gustaríanos coñecer a súa opinión respecto da realización das actividades do programa "Camiña con nós pola igualdade" desenvolto no seu centro durante o curso 2009-2010, co fin de mellorar o noso traballo.

Agradeceríamoslle que a cubrise con letra maiúscula e de cor negra e a enviase antes do 15 de xuño a través do noso número de fax: 986 430 082. No caso de que precise máis espazo para responder ás cuestións pode engadir anexos.

Moitas grazas pola súa colaboración.

Vigo, 15 de abril de 2010

Cristina Gómez García

Xefa do Servizo

Naquelas cuestións nas que teña que cualificar de 1 a 5, lembre que 1 é a puntuación mínima e 5 a máxima. Márquea cun X

1. A súa aula está no seguinte nivel educativo :

3 anos EI	4 anos EI	5 anos EI	6º EP
-----------	-----------	-----------	-------

2. A súa clase participou en cantos obradoiros:

1	2	3
---	---	---

3. Considerou suficientes as sesións realizadas?

Si	Non
----	-----

Se pensa que non, conteste a seguinte cuestión.

Cantas sesións considera que serían necesarias ao longo dun curso escolar para acadar os obxectivos deste programa? Cada canto tempo?

--

4. Considerou axeitada a duración de cada unha das sesións?

Si	Non
----	-----

Se pensa que non, conteste a seguinte cuestión.

Cal sería para vostede a duración axeitada destes obradoiros?

--

5. Pensa que foron axeitados os obxectivos e os contidos dos obradoiros?

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

Algunha observación que nos queira facer...

--

6. Cre que o material empregado nos obradoiros estaba adaptado ás características do alumnado?

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

Algunha observación que nos queira facer...

--

7. Valore (de 1 a 5, 1 puntuación mínima e 5 máxima) ás monitoras que desenvolveron os obradoiros en canto a:

Coñecementos:

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

Metodoloxía:

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

Actitude:

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

8. As actividades que máis lle gustaron foron:

--

9. As actividades que menos lle gustaron foron:

--

10. A vostede como profesional os obradoiros axudáronlle a:

--

11. Valore de 1 a 5, sendo 1 a puntuación mínima e 5 a máxima, o grao de consecución dos seguintes obxectivos por parte do seu alumnado.

Obxectivos Educación Primaria	1º	Familiarizarse con conceptos básicos: coeducación, igualdade de oportunidades, violencia de xénero, corresponsabilidade, convivencia, feminismo, socialización diferencial, etc.	1	2	3	4	5
	2º	Identificar e romper cos estereotipos de xénero no ámbito social: familia, escola, grupo de iguais, medios de comunicación, etc.	1	2	3	4	5
	3º	Fomentar a igualdade no ámbito do traballo	1	2	3	4	5
	4º	Sensibilizar e fomentar a corresponsabilidade na familia	1	2	3	4	5
	5º	Recoñecer e rexeitar a violencia como forma de relacionarse, valorarse e de resolver conflitos	1	2	3	4	5

Obxectivos
Educación Infantil

12. Ao seu alumnado os obradoiros axudáronlle a:

--

13. Valore o seu grao de satisfacción co programa "*Camión con nós pola igualdade*":

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

14. Gustaríalle que este programa tivese continuidade en vindeiros cursos escolares?:

Si	Non
----	-----

15. Suxestións e propostas de mellora:

--